



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARBALLO

*Anuncio de aprobación das bases reguladoras da bolsa de traballo do Concello de Carballo (A Coruña)*

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 22 de outubro de 2012, aprobou, no punto 7 da orde do día, as bases reguladoras da bolsa de traballo do Concello de Carballo.

Publícanse no Boletín Oficial da Provincia as devanditas bases para os efectos da súa entrada en vigor, que será a partir do día seguinte á súa publicación.

### ANEXO I

#### BASES REGULADORAS DA BOLSA DE TRABALLO DO CONCELLO DE CARBALLO.

##### PRIMEIRA.- OBXECTO

O Concello de Carballo, a través da Concellaría de deporte, medio ambiente, formación e emprego, propón a creación dunha bolsa de emprego que persegue, entre outros, os obxectivos seguintes:

1. Intermediar laboralmente de xeito que a bolsa constituía unha ferramenta de conexión entre a demanda de emprego existente e as ofertas de emprego.
2. Dinamizar a actividade económica para incentivar a creación de emprego e a implantación de empresas no municipio.
3. Elaborar, de forma independente ou en colaboración con outros organismos, programas específicos que incidan no desenvolvemento local.
4. Promover a inserción laboral dos traballadores a través de programas de formación que lles faciliten o acceso a un posto de traballo por conta allea ou propia.
5. Establecer e afianzar contactos co sector empresarial da zona como estratexia facilitadora do acceso ao mercado de traballo.
6. Favorecer redes de contacto con entidades e institucións relacionadas co emprego e a formación.
7. Mellorar a transparencia da información á cidadanía e na igualdade de oportunidades.

Deste xeito, esta bolsa de traballo constituiría un servizo adicional ao que presta o Servizo Público de Emprego de Galicia da Xunta de Galicia a través da Oficina de Emprego.

##### SEGUNDA.- DEFINICIÓN

A Bolsa de Traballo do Concello de Carballo é un instrumento posto á disposición da cidadanía en xeral cuxo obxectivo fundamental é por en contacto ofertas e demandas de emprego dunha maneira áxil, transparente e eficaz.

##### TERCEIRA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

Poderán ser beneficiarios dos servizos que preste a Bolsa de Traballo do Concello de Carballo:

- a) Demandantes de emprego: a poboación activa que ou ben se atope sen emprego ou ben desexe mellorar a súa situación laboral.
- b) Ofertantes de emprego: autónomos, empresas, entidades ou institucións que inicien procesos de recrutamento de persoal.

#### CUARTA.- REQUISITOS DOS DEMANDANTES

Para formar parte da bolsa de traballo do Concello de Carballo é preciso que o/a candidato/a:

- a) Sexa maior de dezaseis anos. No caso de que a persoa demandante de emprego non teña a maioría de idade a solicitude deberá ir asinada polo representante legal ou titor/a da persoa solicitante.
- b) No caso de persoas estranxeiras deberán estar en posesión dos permisos correspondentes.

#### QUINTA.- INSCRICIÓN DOS DEMANDANTES

Levarase a cabo polo Servizo de Orientación Laboral cun procedemento de cita previa. As orientadoras cubrirán o formulario normalizado (anexo II) para tal efecto e pedirán a documentación precisa co fin de acreditar o CV. Unha vez cubertos os datos a aplicación xerará un número de expediente de persoal.

A atención ao público será de luns a venres dentro dos horarios das oficinas municipais. Calquera variación dos datos dos demandantes deberá ser comunicada ao Servizo de Orientación laboral que efecturán a modificación a través dun impreso normalizado (anexo V) e posteriormente actualizarán a base de datos.

#### SEXTA.- INSCRICIÓN E XESTIÓN DAS OFERTAS

Levarase a cabo polo Servizo de Orientación Laboral a través dun modelo normalizado (anexo III) no que os oferentes especificarán o perfil profesional e o posto ou postos de traballo que precisen. Logo de facer a busca no aplicativo informático e comprobada a dispoñibilidade dos candidatos éstos serán enviados á empresa. Nesa relación constará o nome e apelidos do candidato así coma tamén o seu teléfono de contacto.

O ofertante de emprego, unha vez recibidos os datos, deberá encargarse de realizar a selección poñéndose en contacto cos candidatos incluídos na listaxe.

A empresa oferente comprométese a notificar a Bolsa de Traballo o resultado do proceso de selección e empregará para iso o modelo normalizado (anexo IV)

Unha vez cubertos os datos da oferta a aplicación xerará un número de expediente para a súa xestión e arquivo.

Como medida para potenciar o desenvolvemento e crecemento económico da localidade, as empresas adjudicatarias de obras municipais poderán utilizar a bolsa de traballo para a selección do seu persoal. Nos casos onde sexa posible, o concello poderá solicitar candidatos/as para cubrir os seus postos de traballo.

#### SÉTIMA.- DOCUMENTACIÓN ESIXIDA

Para inscribir aos demandantes deberán achegar a seguinte documentación (orixinal ou fotocopia compulsada) no momento de realizar a entrevista:

- Documento Nacional de Identidade.
- Permiso de residencia e de traballo, no caso de persoas estranxeiras que o precisen.

Ademais para unha completa acreditación do seu expediente poderán achegar o seguinte:

- Documentos que acrediten a formación regrada e a non regrada.
- Documentos que acrediten a experiencia laboral, incluíndo en todo caso o informe de vida laboral e mais os contratos ou o certificado de empresa.

- Carnés profesionais e permisos de conducir.

1. Calquera outra documentación a que faga referencia o CV ou que o demandante desexe achegar.

#### OITAVA.- BAIXAS E MODIFICACIÓNS DE DATOS

Se a persoa inscrita, por calquera motivo, desexa darse de baixa na Bolsa de traballo deberá comunicalo ao Servizo de Orientación Laboral por calquera medio (telefónico, correo electrónico,...) (anexo VI)

A persoa inscrita ten a obriga de comunicar ao Servizo de Orientación Laboral calquera modificación das súas circunstancias laborais e aqueles datos que integren o seu expediente persoal.

**NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

Segundo a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos que se incorporen os usuarios no ficheiro “Bolsa de emprego” (creado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 20/02/2006, BOP de A Coruña nº 61 de 15/03/2006, páxs. 2752 e ss.; incorporado como Anexo I a este regulamento) serán destinados para a finalidade descrita anteriormente, sendo o responsable do ficheiro o Director do Centro Municipal de Formación do Concello de Carballo, ante o que se deben exercer os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación dos datos de carácter persoal.

Os datos de carácter persoal serán tratados co grado de protección axeitado, segundo o Real decreto 944/1999, do 11 de xuño, e tomaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado por parte de terceiros que o poidan utilizar para finalidades distintas ás desexadas polo usuario. Non está permitida baixo ningunha condición a cesión de datos a outras entidades diferentes do que se contempla nesta ordenanza.

**DISPOSICIÓN FINAL.-**

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial de la Provincia.

Carballo, 24 de outubro de 2012

O Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2012/13357